

CIENCIAS DA NATUREZA TEMA 4 (1ª PARTE)

QUE É O SISTEMA NERVIOSO?

O sistema nervioso é o conxunto de órganos que controla e coordina todas as acción que realizamos.

Os estímulos aos que o noso corpo responde poden ser:

- a) **Estímulos externos:** son sucesos que ocorren no exterior (un perigo, un pitido...)
- b) **Estímulos internos:** son sucesos que ocorren no interior do noso corpo (fame, sede...)

ELEMENTOS DO SISTEMA NERVIOSO

O sistema nervioso ten 2 partes principais:

1.- O sistema nervioso central: está formado por 4 órganos.

a) O cerebro: ten forma redondeada. Consta con dúas metades simétricas, chamadas hemisferios cerebrais.

b) O cerebelo: atópase detrás e debaixo do cerebro.

c) O tronco encefálico: está debaixo do cerebro e cerebelo. Está unido a eles por un troco ás súas ramas.

d) A medula espiñal: ten forma de un cilindro longo e brando. Corre por dentro da columna vertebral. Na parte superior únese co tronco encefálico.

2.- Os nervios: son longas fibras nerviosas que conectan os órganos dos sentidos ao cerebro.

OS ACTOS NERVIOSOS

O sistema nervioso funciona mediante 2 tipos de actos:

1.- Actos involuntarios: Son actos que realizamos sen pensar.

Exemplo: un esbirro, pestanexar, quitar a man do lume...

2.- Actos voluntarios: Son actos que realizamos porque queremos.

Exemplo: sentarse, ler, golpear o balón...

O APARATO LOCOMOTOR

O aparato locomotor está formado polo esqueleto e os músculos. É o encargado de realizar as ordes que dá o sistema nervioso en resposta dos estímulos que recibimos.

O ESQUELETO

É o conxunto de ósos que da forma ao noso corpo, e protexe os órganos internos (o cerebro, o corazón, os pulmóns...)

O esqueleto humano está formado por **206 ósos**.

OS ÓSOS

Os ósos son os órganos máis duros do corpo.

Os ósos poden ser:


- a) Longos** (como o úmero)
- b) Curtos** (como as vértebras)
- c) Planos** (como os que forman o cranio)

AS ARTICULACIÓNS

As articulaciós son as unións entre diferentes ósos.

As articulaciós poden ser:

- a) Móviles**, que se moven (como o xeonllo)
- b) Semimóviles**, móvense moi pouco (como as vértebras)
- c) Fixas**, non se moven nada (como os osos do cranio)



OS MÚSCULOS

Son os órganos que nos permiten mover o esqueleto.

Están suxeitos aos ósos por medio **dos tendóns**, que son uns cordóns moi resistentes que están situados en cada extremo dos músculos.

